
Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Edición, dirección e texto
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais
Mónica Valderrama Santomé *(vicerreitora)*
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Elena Muíños Martínez
Karina Rivero Conde
Ana Costa Montes

Ilustración
Alba Casanova

Deseño e maquetación
Área de Imaxe
Julinda Molares Cardoso
Tania Sueiro Graña

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística (ANL)
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Apoio e revisión da linguaxe non sexista
Unidade de Igualdade
Mar Fernández Cendón

Impresión
Gráficas Muriel, S.A.

ISBN (publicación impresa)
978-84-1188-103-6

Depósito legal
VG 190-2026

Data e lugar de edición
2026, Vigo (Pontevedra). España

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) - Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

© dos textos, as súas autoras
© das imaxes, a súa autora
© da presente edición, a Universidade de Vigo

Accede aquí á versión dixital e ao material didáctico da publicación

Quero ser investigadora


Universidade de Vigo

6

Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



investigación/////////////////////
igualdade/////////////////////////
Universidade de Vigo//////////////

Polas que foron, somos; polas que somos, serán.

Cada paso adiante que damos está sostido polos avances das que nos precederon, mesmo cando os seus nomes nos resultan descoñecidos.

Ao longo da historia, moitas mulleres contribuíron ao progreso do coñecemento, mais os seus logros foron con demasiada frecuencia silenciados ou atribuídos a outros. Esta marxinalización das científicas –un fenómeno coñecido como efecto Matilda– non só supón unha inxustiza individual, senón tamén, e sobre todo, unha perda colectiva. Porque cando as mulleres desaparecen do relato científico, os rapaces e as rapazas continúan recibindo unha imaxe nesgada e estereotipada da ciencia (que non se axusta á realidade do mundo no que vivimos) e as nenas perden as referentes que precisan para imaxinarse a si mesmas como futuras científicas.

Este volume, que acada xa a súa sexta edición, continúa a traballar para reverter esa histórica ausencia. *Quero ser investigadora 6* reúne as voces de Raquel, Maite, Alma, Lucía, Belén, Laura, M.ª Carmen, Covadonga, María e Begoña. Investigadoras do presente que fan ciencia e contribúen, co seu exemplo, a construír un imaxinario colectivo máis xusto e representativo. Cada unha delas tende unha ponte entre o pasado silenciado e o futuro verdadeiramente igualitario que estamos a construír.

Con este libro queremos non só darlles visibilidade ás súas traxectorias científicas, senón tamén ofrecer unha xanela pola que descubrir as súas vidas, para que as novas xeracións poidan ver que as científicas somos persoas con inquedanzas, afectos, retos e ilusións, con vidas diversas e plenamente humanas. Lonxe de estereotipos inalcanzables, as súas historias amosan que é posible construír unha carreira investigadora sen renunciar á esfera persoal, e que ambas as dimensións (a profesional e a vital) poden convivir e enriquecerse mutuamente.

Quero ser investigadora é, en definitiva, un convite para que as nenas imaxinen o seu futuro na ciencia, para que ocupen o seu lugar nela e para que contribúan a construíla como un espazo máis xusto, inclusivo e representativo para todas e todos.

Mónica Valderrama Santomé
Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

María

Méndez Santos





María
Méndez Santos

A sociedade precisa investigación diversa, plural e inclusiva para avanzar e garantir o benestar colectivo. Fagamos da utopía unha realidade!

Área
Lingüística aplicada, Sociolingüística
Departamento
Lingua española
Grupo de investigación
Gramática, Discurso e Sociedade (GRADES)
Centro
Instituto de Investigación Lingua (iLingua)

////////////////////////////////ensinanza
//////////////////////////sociolingüística
////////////////////discriminación



Nacín na década prodixiosa, nos anos da explosión creativa, da reivindicación, dos cambios sociais, da posmodernidade; anos nos que se mostraron ao mundo todos os sentimentos contidos e o talento vetado durante tantos anos.

Nacín nos marabillosos anos oitenta, cando o noso país aínda se recuperaba da súa longa noite de pedra e dunha transición descafeinada.

Nacín en plena movida viguesa. Nun Vigo azoutado pola reconversión naval e a crise económica, pero onde a creatividade artística vivía a súa mellor versión.

E nesta pequena cidade nacín eu, María Méndez Santos, nun Coia que mostraba a outra cara da cidade. Un barrio no que a droga estragaba a vida de moitas persoas, un barrio que se ía apagando, arrasado pola heroína e a delincuencia.

Durante a infancia, estudei primaria no centro Rúa Estrada, ao que agora chaman CEIP Escultor Acuña. Naqueles anos, entre clases de ximnasia rítmica e taekwondo coas que miña nai trataba de calmar a miña hiperactividade, adoitaba ler libros de todo tipo. Encantábame ler! Outro dos



meus curiosos intereses eran as noticias e os informativos. Parecía unha señora maior vendo sempre telexornais e traumatizándome coa actualidade internacional. Un día, cando a miña nai me levaba ao colexio, escoitei unhas señoras que dicían que morrera Freddy Mercury. Daquela, aínda era tabú ser gai, e morrer de sida, aínda máis. A súa morte marcoume e penso que foi o meu espertar contra a homofobia. Nunca o esquecerei!

Na adolescencia, a miña familia mudouse, e deixei todos os meus amigos e amigas atrás. Así que comecei de novo, e supoño que de aí me virá a capacidade de adaptarme a calquera situación.

Era boa estudante, pero no instituto suspendín química e o profesor díxome na recuperación: «Escolle letras puras, anda», e non o dubidei. Naquel momento encantábame a historia e tiña pensado estudala en Santiago de Compostela. Cando chegou o momento, na miña casa non podían permitirse pagar unha matrícula e un alugueiro, así que escollín a miña segunda opción, preto da casa: Filoloxía Hispánica, e ata hoxe!

A carreira foi sorprendente! En primeiro, namorei da literatura medieval que me ensinou Antonio Chas Aguión; en segundo adorei a morfoloxía grazas a Antón Rifón, en paz descanse; logo fun descubrindo outras materias como a sociolingüística, a lexicografía... Foi xa en cuarto cando me dei de conta de que o meu era a lingüística e comecei a miña tese de doutoramento neste ámbito.

En 2007 gañei unha bolsa da AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento) para ser profesora na Universidade Estatal de Yerevan, en Armenia, e alí me fun. Gardo recordos marabillosos dese ano e aínda manteño contacto coa que fora a miña xefa e as miñas colegas. De feito, unha das miñas alumnas alí é agora a miña estudante de doutoramento.

Volvín a Vigo para rematar a tese e, mentres, fun profesora de español para persoas estranxeiras no Centro de Linguas da UVigo. Defendina en 2011 e en 2015 marchei a Romanía uns meses. Volvín e volvín traballar no Cdlinguas, pero seguín pedindo traballos fóra porque os contratos eran temporais e non garantían continuidade.

A precariedade foi a miña grande inimiga. Pero fixen do problema unha virtude e dediqueime a ver mundo. Sacrifiquei moitas cousas, pero tamén esa vida internacional fíxome aprender moito, ver moito, facer moitísimas amizades impensables doutro xeito e sobre todo, a ser mellor persoa. Non penso que teña camiñado soa na vida. Son o resultado de moitas amizades e compañeiras que me teñen apoiado, e tamén grazas ao meu marido. El, David, fai todo máis sinxelo e apóiame en todo, de forma incondicional.

Tras a miña particular volta ao mundo, na que tamén vivín en Ucraína e en Xapón, volvín a Galicia sen un horizonte claro. Ao pouco, gañei unha praza na Universitat d'Alacant (UA) e nesta cidade estiven cinco anos. Foi no 2023 cando conseguín a miña praza de axudante doutora na UVigo e me establecín aquí en Vigo. Agora son a secretaria do Instituto de investigación iLingua, pero volverei vivir fóra. Non sei como nin cando, pero estou segura que o farei!

Dedícome á investigación porque me encanta informarme, ler e indagar sobre o que non entendo. O meu traballo consiste en fixarme no que pasa na sociedade: como fala a xente? Que di? Como o di? De cando en cando, detecto algo «novidoso», «raro», «rechamante» e penso: guau! Por que pasará iso? Por que dirá iso? Será algo novo? Entón póñome a ler máis e se resulta que ninguén falou dese tema ou moi pouquiño, decido se podo ou non iniciar unha investigación. Adoro os temas que investigo: a desmotivación polas linguas, a discriminación lingüística, a neoloxía ou os insultos. A quen non lle gustaría investigar sobre isto?

Ás veces as ideas non saen adiante, pero cando as cousas saen, é unha satisfacción enorme. No meu caso que, son temas moi sociais e aplicados, adoro pensar que o que fago pode formar a sociedade no que implica o racismo, o clasismo, a homofobia, o machismo, e moitos máis ismos; no que corresponde ás linguas e a como nos comunicamos. Saber máis, fainos máis conscientes do que pasa. Gústame pensar que o meu traballo nos axuda a entendernos mellor como sociedade, a ser máis tolerantes, e que pode desencadear un cambio social real e útil.



Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Begoña


González de Prado




Begoña
González de Prado

O mellor da ciencia é que sempre podemos aprender dos erros.

Área
Enxeñaría Química
Departamento
Enxeñaría Química
Grupo de investigación
FEQxlab
Centro
Edificio Isaac Newton. Facultade de Química




//////////////////////////// sostibilidade
//////////////////////////// valorización
//////////////////////////innovación



Cada mañá comeza igual: saúdo o equipo, collo un café quente e fago a listaxe das tarefas do día. Gústame organizarme así, porque a ciencia, aínda que ás veces pareza algo afastado, constrúese no cotián, paso a paso, e sempre en equipo.

De pequena era unha nena moi normal, pero algo fedello. Gustábame xogar, tocar todo o que non debía e facer preguntas sen parar. Sempre quería saber como funcionaban as cousas. Daquela nunca pensei que acabaría sendo investigadora. A verdade é que esa idea nin sequera me pasara pola cabeza.

Foi ao rematar a carreira cando todo cambiou. Fixen o que naquel momento se chamaba tesina ou suficiencia investigadora, un pequeno traballo que me permitiu desenvolver un proxecto baixo a supervisión de persoal investigador. Foi aí cando a investigación me atrapou de cheo. Desde ese momento, xa non quixen facer outra cousa.



A miña carreira como investigadora comezou na Universidade de Vigo, dentro do grupo que hoxe teño a sorte de liderar. Alí descubrín que a química non serve só para facer experimentos nun laboratorio, senón tamén para resolver problemas reais. Tras a tese de doutoramento comecei a traballar con líquidos iónicos, disolventes especiais que permiten separar substancias de forma máis limpa e eficiente, aplicándoos á purificación de mesturas e ao tratamento de residuos industriais.

Co tempo, a miña investigación foi medrando e diversificándose, sempre cunha idea moi clara: empregar a enxeñaría química para coidar o medio natural. Traballei no tratamento de augas residuais, na recuperación de compostos de alto valor engadido e, desde 2018, céntrome especialmente no sector téxtil. Colaboro con empresas e lidero proxectos centrados na economía circular, na reutilización de fibras e na redución do impacto ambiental da industria da moda.



Tras máis de vinte anos investigando, sigo convencida de que a ciencia é unha ferramenta poderosa para transformar residuos en recursos. O meu traballo consiste en buscar formas máis limpas e seguras de empregar a química: creo novos disolventes feitos con substancias naturais que poden substituír produtos perigosos e contaminantes. Con eles consigo limpar augas residuais, eliminar tinguiduras ou pesticidas, recuperar substancias valiosas e darlles unha segunda vida á roupa ou aos restos de alimentos. En resumo, usamos a química para contaminar menos, reutilizar máis e protexer o planeta, transformando residuos en recursos.

Un dos avances clave da miña traxectoria foi demostrar que estes procesos poden aplicarse na práctica, axudando a que distintas industrias funcionen de forma máis circular e respectuosa co contorno.

Nada disto sería posible sen o traballo en equipo. Para min é fundamental: sen colaboración, a investigación non avanza. Un dos mitos que máis me gustaría desmontar é o de que as científicas somos distantes ou solitarias. Todo o contrario: a ciencia faise xuntas e xuntos.


Alén diso, conciliar a vida persoal e profesional tamén foi un reto, así como facer fronte ás sucesivas convocatorias de investigación para manterte na carreira investigadora. Require moita organización, unha boa rede de apoio e aceptar que non sempre se pode chegar a todo.

Ao final, hai unha frase que me acompaña sempre e que define moi ben o mundo da investigación: «O mellor da ciencia é que sempre podes aprender dos erros».

Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

María

Mayán Santos





Área
Biomedicina
Grupo de investigación
CellCOM
Centro
CINBIO

María

Mayán Santos

Somewhere, something incredible is waiting to be known.
Carl Sagan


////////////////////////// perseverancia
////////////////////////// motivación
//////////////////////curiosidade



Eran as primeiras eleccións democráticas tras a ditadura. A miña nai debía estar nunha mesa electoral coa responsabilidade de contar os votos, pero a vida decidiu outra cousa. Mentres o país elixía o seu futuro, eu chegaba ao mundo antes do previsto. Sempre sentín que a miña historia comezara entre o azar e a vontade, marcando o que sería a miña vida, onde as cousas importantes nunca seguiron o guión previsto.

De nena fun tranquila, sociable e estudosa. Gustábame xogar, compartir tempo cos meus amigos e amigas, e deixábame levar pola curiosidade e pola imaxinación. Non sentía unha chamada especial polas ciencias, pero si unha necesidade constante de entender como funcionaban as cousas.

Quixen estudar Medicina porque era o soño de miña nai, pero non cheguei á nota necesaria. Meu pai, cun deses consellos que parecen pequenos e acaban sendo decisivos, propúxome Farmacia. Acepteino sen demasiada convicción e xa foi logo no laboratorio, entre tubos de ensaio e preguntas abertas, onde algo se colocou no seu sitio. Alí comprendín que a ciencia non é unha



acumulación de certezas, senón unha maneira de mirar o mundo, de insistir, de non conformarse. En cuarto de carreira xa sabía que ese sería o meu camiño, incluso percibindo as dificultades e asumindo que non sería fácil.

A partir de aí comezou un itinerario por institucións en Santiago de Compostela, Madrid ou Londres. O CSIC, o Imperial College, o MRC. Lugares nos que aprendín non só a investigar, senón tamén a dubidar, a resistir e a empezar de novo. Londres foi unha escola de rigor e independencia; o regreso a Galicia, unha mestura de alegría e responsabilidade. No Inibic pasei trece anos intensos que me fixeron medrar como científica e como persoa, anos duros, desafiantes e fermosos ao mesmo tempo. Desde decembro de 2023 traballo no CINBIO, en Vigo, nun contorno esixente, xeneroso e cheo de talento novo que fai o meu día a día moi gratificante.

Sempre houbo mulleres acompañándome, mesmo cando non estaban presentes. A miña avoa e a miña nai, mulleres intelixentes nun tempo pouco amable coa intelixencia feminina, felices a pesar de todo, soñadoras sen estridencias. Máis tarde chegaron as profesoras da universidade que abrían camiños con naturalidade, e compañeiras de profesión cuxa paixón e enerxía seguen sendo un espello no que mirarme.

O meu traballo podería explicarse como o dunha detective paciente. Busco conexións invisibles, pezas soltas que, ao encaixar, nos axudan a entender mellor o cancro, a artrose e outras enfermidades asociadas ao envellecemento. Hai días enteiros de pensar, ler, discutir e fracasar, e outros nos que, de súpeto, algo se ilumina. Ese instante no que ves por primeira vez algo que ninguén vira antes compensa todo o demais. É unha sensación de profunda satisfacción e difícil de explicar.


O camiño non foi doado. A loita por obter financiamento e a presión forman parte do día a día. A isto súmanse dificultades máis soterradas: ser muller, ser nova e ser líder en contornos non sempre amigables. A maternidade fixo visibles barreiras que antes non sabía nomear. Aprendín que identificar os límites axuda a non interiorizalos, e que ningunha carreira se sostén sen unha rede de apoio persoal e profesional.

Considérome unha persoa activista e creo que a ciencia tamén serve para cambiar estruturas, mellorar condicións laborais e dicirlles ás nenas que poden ocupar calquera espazo que se propoñan. Non todo depende de nós, pero cada acción pequena conta. Iso diríalle á adolescente que fun: que estea tranquila, que a vida non sempre é xusta, pero segue pagando a pena; que non se preocupe, que se ocupe.

Entre a miña rutina, ao final do día escribo nun post-it o que teño que facer mañá. Escoito música mentres traballo, gústame colaborar, viaxar a congresos e escoitar ideas alleas que ás veces cambian por completo a miña maneira de mirar un problema. A ciencia non é un camiño solitario, aínda que ás veces se teña esa percepción dende fóra.

Fóra do laboratorio monto a cabalo, camiño, leo, vou ao teatro e gústame compartir comidas longas con amizades. Viaxo cando podo, sen congresos nin presentacións. Necesito ese outro ritmo para volver pensar con claridade.

Se algún día deixo algo detrás, gustaríame que fose coñecemento e persoas: investigadoras e investigadores críticos, capaces e xenerosos. E, se o soño chega máis lonxe, que ese coñecemento sirva para mellorar a vida das e dos pacientes. É un camiño longo, pero seguimos andando.



Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Covadonga

Barreiro Rodríguez-Moldes



Covadonga

Barreiro Rodríguez-Moldes



O coñecemento dá autonomía e liberdade. E investigar, crear, cuestionar –especialmente cando somos mulleres– é unha maneira profunda de transformar a realidade. Porque os verdadeiros avances chegan cando non aceptamos límites.

Área
Arte
Departamento
Escultura
Grupo de investigación
PRACE, Procesos de Resistencia na Arte Contemporánea Española
Centro
CEAA, Centro de Estudos Arnaldo Araújo (Portugal)
Facultade de Belas Artes de Pontevedra

////////////////////////////escultura
////////////////////////////obxecto
////////////////////////////espazo



En Ares, unha vila pequena das rías altas, aprendín que a felicidade pode ser algo sinxelo: ir ao colexio público Conde de Fenosa, cruzar despois a outra ría para estudar no instituto de Mugardos e volver á casa coa cabeza chea de música. Porque tamén había un piano, e os dedos pequenos tentando obedecer, e había fútbol sala, e un equipo feminino –o Numancia de Ares– no que aprendín axiña que o xogo colectivo se parece moito á vida.

De nena gustábame a bioloxía e quixen ser astronauta. Soñaba con mirar o mundo desde fóra. Tamén lembro sentarme no sofá cos volumes enormes da Enciclopedia Universal da Arte de Planeta, eses libros xigantes que me caían no colo como un segredo demasiado grande. Velázquez, Caravaggio, as estampas xaponesas. Aí, sen sabelo, empecei a mirar.

A miña familia sempre alentou as miñas inquedanzas. E foi así que puiden marchar no ano 2000 a Pontevedra para estudar Belas Artes, coa sensación de quen continúa un camiño que xa estaba marcado sen sabelo. Doutoreime en 2012 e pasei unha década viaxando á cidade de Porto, como profesora auxiliar na Escola Superior Artística, nun ir e vir de proxectos, clases



e expectativas sempre un pouco en precario. En 2017 entrei como profesora substituta no Departamento de Escultura da Universidade de Vigo, despois como profesora asociada e, por fin, conseguiría unha praza a tempo completo. A estabilidade, descubrín, tamén é unha aprendizaxe.

No medio deste proceso, en 2018, naceu Iago. A maternidade apareceu como aparece o mar no inverno: fermosa, desbordante, imposible de ignorar. O proxecto máis intenso e desafiante de todos. Desde entón, o tempo deixou de ser lineal e converteuse nun material elástico que intento estirar cada día.

A miña tese de doutoramento xirou arredor do movemento: como se representa, como se incorpora á obra, como as máquinas e os mecanismos entran na arte desde as vangardas ata hoxe. Desa investigación naceron as liñas que sigo explorando: movemento, luz, obxectos. Desde a escultura, a fotografía ou o vídeo. Teoría e práctica convivindo, porque pensar e facer nunca me pareceron cousas separadas.

Os anos posteriores á tese foron duros. Crise, precariedade, contratos fráxiles. Houbo momentos nos que a inseguridade non viña de fóra, senón de min mesma: a dúbida constante sobre o valor do que facía, sobre a lexitimidade da miña mirada. Co tempo entendín que esa inseguridade non era só miña, que tiña unha dimensión estrutural, especialmente para as mulleres. Seguir creando a pesar dela converteuse nun acto de resistencia silenciosa.

As persoas que foron determinantes na miña carreira están preto: a miña nai, profesora de matemáticas sempre buscando novas maneiras de ensinar; a miña tía, investigadora en bioloxía; un profesor de Historia da arte do instituto que falaba de arte contemporánea como quen abre unha fiestra. E máis adiante chegaron as profesoras e profesores da facultade, e as artistas que aprenderon a existir nun sistema que non sempre lles facía sitio.

Gústame pensar a arte como un espazo de liberdade radical, onde o erro e o inesperado non son fallos senón camiños. Traballo tamén en proxectos colectivos, expositivos, pedagóxicos, de mediación. Algúns, como os realizados coa Asociación Paspallás, levaron a arte a hospitais e a espazos infantís. Humanizar lugares, crear atmosferas, abrir preguntas; iso tamén é investigar.

Nunca pensei demasiado en deixar pegada. Traballo no presente, facendo o mellor que sei. Pero si que me gustaría contribuír a facer a arte máis accesible, a cuestionar xerarquías, a demostrar que a investigación tamén vive nas humanidades, nos talleres, nos cadernos cheos de notas a lapis. Son idealista, perseverante e impaciente. Conciliar segue sendo un exercicio de malabarismo, feito en equipo, roubándolle horas ao sono. Fago deporte, leo e busco as amizades porque iso axúdame a recolocar as cousas.

Aínda que non teño rutinas ríxidas, salvo un café pola mañá, as ferramentas que sempre levo comigo son un caderno e un lapis, o ordenador e o móbil como cámara improvisada. A música tamén me acompaña: *indie*, folk, pop-rock, clásica ao piano. Se tivese que escoller unha canción sería *Hallelujah*, na voz ferida de Jeff Buckley. Se tivese que escoller unha lectura serían os relatos extraordinarios de Jorge Luis Borges e Julio Cortázar. E o que realmente querería sería ter o control do tempo: paralo, dilatalo, mirar con máis atención aquilo que adoita pasar sen facer ruído.

Universidade de Vigo


Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Maite

deCastro Rodríguez







Maite

deCastro Rodríguez

Cada pregunta que vos fagades sobre o clima é unha porta para aprender a protexer a Terra e iso é transformar o mundo.

Área
Física da Terra
Departamento
Física Aplicada
Grupo de investigación
EphysLab
Centro
Centro de Investigación Mariña (CIM)

////////////////////////////investigadora
////////////////////////cambio climático
////////////////////////física da terra



—Mamá, por que te levantas tan cedo?

—Teño que ir buscar o mellor peixe de Vigo á lonxa para traerche a ti a proba. Durme! —contestoume a miña nai aquel día mentres me miraba con dozura e se preparaba para comezar a súa xornada de traballo. Ela, Teresa, era peixeira na praza de abastos.

Nacín en Vigo no ano 1970 nunha familia obreira e humilde que vivía no barrio do Calvario. O meu pai, Jaime, era empregado de Citroën e a miña nai, Tere, traballaba en Álvarez, a histórica fábrica de porcelana, cristal e louza de Vigo. Cando eu nacín, a miña avoa María, que tiña un posto de peixe no mercado do Calvario, vivía con nós. A miña nai deixou o seu traballo para coidarme e, catro anos despois, tivo a miña irmá Paula. Cando a miña irmá empezou o colexio, a miña avoa María xubilouse e a miña nai herdou o seu posto do mercado, onde traballaría toda a súa vida laboral.

Estudei a EXB no colexio Carmelitas de Vigo e o bacharelato no instituto público Castelao. Posteriormente, estudei Física en Santiago de Compostela, onde me licenciei en 1993, un curso despois da morte da miña avoa.



Nunca tiven moi claro que quería ser de maior, pero estaba segura que canto máis formada estivese, máis posibilidades tería de ter un traballo mellor que o que tiveran a miña nai e o meu pai, que sen ser malo era moi duro (especialmente o da miña nai) e estaba mal remunerado.

Durante a miña traxectoria académica fun tomando conciencia de que a investigación constituía o aspecto que máis me interesaba, especialmente pola súa versatilidade, e en particular no ámbito universitario, onde se pode compatibilizar coa docencia. Por iso, acabei doutorándome en Física en 1998, case á vez de que a miña irmá Paula acabara os seus estudos de enfermaría. A investigación ofrecíame a posibilidade de desenvolver tarefas moi diversas, de tratar de dar resposta a problemas científicos con impacto social e de manter unha formación continua. Permitíame, ademais, publicar artigos cos resultados obtidos, participar en congresos, realizar actividades de divulgación e moverme en ámbitos distintos pero vencellados á área que me interesaba. Todo isto foi determinante para confirmar que a investigación era o camiño profesional no que me sentía máis realizada.

Durante o meu doutoramento coñecín a Moncho, o meu marido, que por aquel entón era compañeiro do laboratorio, físico coma min. A pesar disto, foron anos difíciles, xa que a carreira investigadora é moi competitiva, longa e con poucas garantías. O máis custoso, no meu caso, foi conseguir subsistir durante os cinco anos do doutoramento sen bolsa, compatibilizando a investigación con variados traballos que ían xurdindo como clases particulares, enquisas e encargos ocasionais e contando, nos momentos máis axustados, co apoio imprescindible da miña familia.

Tras presentar a tese, fun ocupando diferentes postos de profesora na Facultade de Ciencias de Ourense da Universidade de Vigo (profesora visitante, profesora contratada doutora) e Moncho conseguiu a súa praza de profesor titular na mesma facultade. Durante este período casamos e tivemos o noso fillo, Nicolás, en 2003. En 2010 conseguín a miña praza de profesora titular e en 2021 a miña cátedra en Física da Terra. Actualmente, coordino o grupo de investigación Ephyslab.

O meu traballo consiste en pescudar como as actividades humanas están influíndo no noso planeta e como pode cambiar co paso do tempo se non tomamos medidas. Para conseguir resultados, analizo como teñen evolucionado no pasado todas as variables (temperatura, precipitación, salinidade, CO_2...) que caracterizan a todos os sistemas constituíntes do planeta (atmosfera, océano, xeo...) e como se proxecta que van evolucionar considerando diferentes escenarios futuros. Coa nosa investigación podemos proxectar o comportamento futuro destas variables. Non vos parece sorprendente? Podemos adiviñar o futuro!

Para levalo a cabo, empregamos programas informáticos que reproducen todas as ecuacións matemáticas que describen os procesos físicos, químicos e biolóxicos que teñen lugar, por exemplo, no océano ou na atmosfera e as súas interaccións. O custo computacional é enorme cando a resolución espacial é alta, a temporal horaria, e precisamos simular períodos de trinta anos para analizar variabilidades climáticas, por iso necesitamos potentes procesadores e centros de supercomputación como o Cesga.

Non soporto o negacionismo ao cambio climático e tampouco a falta de medidas ante o impacto que está provocando sobre o planeta. Co meu traballo pretendo concienciar a sociedade sobre a importancia de coidar o planeta, facendo visibles as consecuencias que as nosas accións poden ter no futuro baixo distintos escenarios, co obxectivo de fomentar unha maior responsabilidade colectiva e convidando á reflexión e ao cambio.

Gozo co traballo que realizo e érgome cada mañá, sen importarme o día que sexa, contenta ante a xornada que teño por diante. Esta profesión é moi flexible e ten unha grande independencia persoal, o que sempre me permitiu compatibilizar a miña vida profesional e familiar, pero cando necesito desconectar, poño as miñas botas de montaña e saio a pasear polo monte, leo un bo libro ou poño a todo volume «Every breath you take» de Police.



Universidade Vigo


Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Raquel

Fernández González





Raquel
Fernández González

Investigar é poder transformar a túa curiosidade en solucións para o planeta; atrévete a descubrir o que ninguén máis viu aínda.



Área
Economía azul e economía verde
Departamento
Economía aplicada
Grupo de investigación
ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais)
Centro
ECOBAS

////////////////////////economista
////////////////////////gobernanza
////////////////////////pesca



Nacín en Vigo, cun pouco de salitre no sangue e moitas preguntas na cabeza. De pequena non fun moi de xoguetes nin de aceptar explicacións fáciles. Gustábame mirar as persoas e preguntarme por que facían o que facían, por que escollían unha cousa e non outra, e por que cando faltaban cousas básicas –pan, terra, auga ou tempo– aparecían os conflitos (e o enxeño).

Na parroquia onde medrei aprendín moi cedo que o progreso ten dentes. Un día chegou un túnel, prometendo futuro, e levou por diante os pastos, cambiou o curso das augas e fixo desaparecer plantas e animais que non contaban para ninguén. A terra quedou ferida e, con ela, a veciñanza. Aquel momento ensinoume que hai inxustizas que non acaban nunha xeración, que se herdan coma as leiras mal repartidas. Foi aí cando comecei a entender o mundo doutro xeito.



Por iso escollín a economía, non como quen escolle unha carreira, senón como quen toma partido. Decateime de que aquela ciencia non era só números e gráficos, senón unha gramática do escaso, unha maneira de poñer orde –ou cando menos xustiza– na repartición do que non chega para todas as persoas. A economía, pensei, podía ser unha ética con método.

Fíxenme investigadora cunha teimosía e traballo constante. Sen grandes nomes detrás, fun xuntando artigos como quen xunta patacas nun cesto: un a un, participando en congresos, publicando artigos e escribindo libros. O importante nunca foron as cifras, senón poder pensar pola miña conta e facerme responsable do que dicía. Co tempo chegaron colaboracións, informes e mesmo traballo relacionado coa gobernanza dos mares europeos. Aquilo que aprendera na miña parroquia serviume para falar de pesca, acuicultura e decisións que afectan a moita xente.

Especialiceime na acuicultura, sobre todo no rodaballo, ese animal serio e discreto que non salta nin fai espectáculo. Demostrou que tamén aí, entre tanques e cifras, latexa unha cuestión de responsabilidade: producir sen destruír, medrar sen arrasar, organizarse sen esquecer a comunidade.

Non todo foi mar en calma. O camiño non foi doado e atopei o poder pequeno, o caciquismo con bata branca, a envexa vestida de prestixio. A ciencia tamén ten sombras, e aínda que non puidese cambialo todo, decidín non parecerme a iso.

Dirixín teses coma quen acompaña camiños alleos, ensinando a pensar sen pedir permiso e aprendín moito do meu alumnado. Pola noite, abría libros como *O porco de pé* ou *La conjura de los necios* e, ás veces, deixeime levar polo ritmo de Michael Jackson. Se non fose científica –pensaba– sería música; ao fin e ao cabo, investigar tamén é buscar harmonías onde o resto só ve ruído.

Confío máis na xente común e os e as economistas anónimos ca nos premios: en quen sabe repartir pouco con dignidade e manter unha comunidade en pé. Así aprendín o que de verdade importa: pensar no futuro, coidar unhas persoas das outras, resistir.

Hoxe, cando me preguntan que fago, digo que intento entender por que tomamos as decisións que tomamos. Por que ás veces se salva unha estrada e se perde un río? E cando penso no legado, non falo de clasificacións nin de números, senón dunha idea sinxela: que se pode chegar lonxe sen vender a alma, que a ciencia pode ser honesta e que o talento non debería pedir permiso.

Así vivo, entre o mar e os datos, entre a música e a estatística, sabendo que o mundo non se arranxa só con boas intencións, pero tampouco sen elas. E sigo facéndome a mesma pregunta da nena que foi: que regras precisamos para vivir mellor sen destruír o que nos sostén?

A resposta, coma todas as importantes, está en construción.




Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Laura

Carballo Piñeiro





Laura

Carballo Piñeiro

Sinte o medo á novidade,
pero atrévete igualmente.



Área
Dereito Internacional Privado
Departamento
Dereito Privado
Grupo de investigación
MEDEA-Iuris
Centro
ECOBAS

////////////////////////dereito
////////////////////////respecto
////////////////////////paz



Invocando a redención
Neste recuncho do mundo
Faise o meu cantar profundo
Como a terra en ultramar
faise o meu cantar
Ao saberme secundada
Aínda sendo abandeirada
Dos que as levan de perder
É por eles que hei morrer
Sentíndome acompañada

Estes versos do tema «Milonga de aquí», de Sés, acompáñanme como unha banda sonora persoal que dialoga coa memoria fonda de *Memorias dun neno labrego*, ese libro no que tantas veces me recoñezo e me reconforto. Porque eu tamén fun unha nena de aldea, criada entre a terra e o mar, entre os silencios e os grandes soños; unha nena que aprendeu cedo o valor da resistencia e da esperanza. Hoxe, sendo catedrática, sigo sentíndome parte dese mundo que me fixo, sabendo que aquel cantar profundo e aquela infancia labrega non quedaron atrás, senón que foron o alicerce dun camiño no que soñar forte acabou por facerse realidade.

Chámome Laura Carballo e son esa nena da aldea, da parroquia de Ardán, en Marín, que naceu nun tempo no que a vida non daba tregua. Medrei nunha familia mariñeira e labrega, durante a ditadura franquista. A miña nai e o meu pai sacaron adiante dúas crianzas, cun esforzo silencioso e incansable. Eu era a maior, e aínda que lembro as dificultades, a memoria gárdame con máis forza outras escenas: aquelas mañás de verán na praia, cos pés na area e os ollos postos no mar, agardando a que meu pai regresase na súa chalana. El traía o peixe que logo miña nai levaría á lonxa, convertendo o mar no sustento da casa. O peixe estaba sempre na mesa, tanto que durante unha tempada cheguei a aborrecer o polbo… Quen me ía dicir entón que aquelas rutinas sinxelas acabarían sendo os recordos máis valiosos da miña infancia.

Fun a primeira universitaria da familia. Estudei Dereito para ter ferramentas que me axudasen a defender as causas das que estaba convencida. Os meus referentes e fontes de inspiración foron sempre as mulleres da miña familia, sempre loitadoras, fortes e impasibles; en especial a miña avoa, que aprendeu a ler escoitando os fillos estudar as leccións da escola.

Co paso do tempo entendín que non quería separar quen era do que facía. Por iso decidín unir a miña historia persoal coa miña vocación e especialiceime en dereito laboral marítimo, un camiño que me levou moito máis lonxe do que nunca imaxinara. Acabei sendo a primeira muller catedrática da Universidade Marítima Mundial, en Malmö (Suecia), unha institución creada pola Organización Marítima Mundial para formar profesionais de todos os recunchos do planeta. Nas aulas mesturábanse acentos e océanos: ensinaba persoas chegadas de Vanuatu, da Patagonia, de Camerún ou das Illas Salomón, cada unha cunha historia distinta pero todas unidas polo mar. Aínda así, a morriña acabou traéndome de volta a Galicia e hoxe son a decana da Facultade de Relacións Internacionais do campus de Ourense. Neste centro, axudamos o alumnado a comprender o mundo global no que vivimos e, sobre todo, a imaxinar como facelo máis xusto, máis solidario e máis respectuoso coas vidas humanas e non humanas.

As bolsas de estudos permitíronme seguir formándome e dedicarme á investigación, por iso son unha gran defensora do sistema público de educación. Non hai mellor recurso para acabar coa desigualdade social!

Para unha muller, facer investigación nunca foi doado, e menos aínda cando se vén da aldea. Hai regras non escritas, códigos invisibles, que moitas veces se nos escapan e que outros parecen dominar desde o principio. Aos homes presúmeselles unha profesionalidade que as mulleres temos que demostrar unha e outra vez. Aínda así, quizais por ser de Ardán, os da perna adiante como nos coñece a veciñanza, nunca tiven medo a saír da miña zona de confort. Ese espírito levoume a vivir seis meses en Nova York, mentres traballaba na Columbia University; pasar longas tempadas en Hamburgo, unha das miñas cidades favoritas, onde se atopa o Instituto Max Planck de Dereito Privado Comparado e Internacional; e xa fun chamada en dúas ocasións para ensinar na Academia da Haia de Dereito Internacional, ao lado do Palacio da Paz, sede do Tribunal Internacional de Xustiza e da Corte Permanente de Arbitraxe.

Se algún día queres seguir os meus pasos, hai algo importante que debes saber: investigar en dereito non é só pasar horas entre leis e libros grandes e pesados. É, sobre todo, aprender a mirar a sociedade con atención e preguntarse por que escollemos unhas normas e non outras para organizarnos. O dereito busca acordos, puntos de encontro que todas as persoas poidamos aceptar para convivir e convérteos en políticas que logo analizamos: funcionan?, a quen benefician?, a quen deixan fóra? A partir desa análise, propoñemos cambios para mellorar as cousas. No meu caso, hai moitos ámbitos que me interesan, pero o mar segue sendo o meu punto de partida. Estudo como se regula o traballo no mar e que se pode facer para mellorar as condicións de quen vive del: mariñeiros, mariscadoras, peixeiras, redeiras… Tamén me pregunto por que hai máis homes nos barcos e máis mulleres nos traballos en terra. Esas cifras non son casualidade: teñen que ver coas políticas e coas discriminacións das que falabamos antes e entendelas é o primeiro paso para poder cambialas.

As regras do mar son na súa maioría internacionais e froito da cooperación entre os estados. Cando se trata de dereitos humanos, hai un gran baleiro que posibilita que a xente morra, sufra e traballe escravizada en mar aberto sen que pase nada. O meu traballo ocúpase de denunciar esta situación e buscar que se respecten os dereitos humanos en todas as partes, tamén no mar. A investigación apréndeche a pensar por ti mesma, pero tamén che ensina a escoitar o que teñen que dicir outras persoas, que non vale o de que quen non está comigo está contra min. Ao contrario, escoitando as críticas é como mellor se coñece unha a si mesma e como avanza no que quere lograr; ás veces incluso a saber o que buscas na vida!




Universidade de Vigo


Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Alma

Gómez Rodríguez






Área
Linguaxes e Sistemas Informáticos
Departamento
Informática (T15)
Grupo de investigación
Lia2 (Laboratorio de Informática Aplicada)
Centro
IFCAE (Instituto de Física, Computación e Ciencia Aeroespacial)

Alma

Gómez Rodríguez

A ciencia non che pon límites,
non te limites ti.

////////////////////////informática
//////////////////intelixencia artificial
//////////////////sistemas multiaxente



Ola! Chámome Alma e son enxeñeira informática na Universidade de Vigo.

Cando era pequena, había algo que non podía evitar: preguntar. Preguntaba como sabía a hora o reloxo, que había no interior dunha boneca ou por que ás veces as persoas estaban tristes. As persoas adultas suspiraban e sorrían, porque sabían que detrás de cada pregunta había unha mente curiosa que quería entender o mundo. Nunca imaxinei que esa curiosidade sería o comezo dunha viaxe, chea de preguntas, descubrimentos e retos. Porque ás veces a investigación non nace dun plan perfecto, senón dunha curiosidade que nunca deixa de medrar.

A miña carreira académica é un pouco distinta á habitual. Tiven a fortuna de comezar a traballar en terceiro de carreira. Naquela época, había un importante déficit de informáticos e informáticas, e unha empresa contratou varias estudantes da facultade. Deste xeito, puiden facer máis da metade da carreira xa traballando a tempo completo e sendo independente economicamente.

Canto terminei a Licenciatura en Informática na Universidade da Coruña, fun contratada na Escola Superior de Enxeñaría Informática en Ourense, que tiña un ano de vida, e comecei a traballar na UVigo. Aqueles primeiros anos foron estupendos, xa que colaboramos todo o profesorado na creación do centro: montaxe dos laboratorios, definición de regulamentos, docencia (moitas veces a alumnado maior en idade ca nós), ao tempo que comezabamos a nosa investigación.

A partir de entón desenvolvo o meu labor investigador no campus de Ourense, sempre colaborando nun equipo multidisciplinar que participou no lanzamento dos picosatélites postos en órbita pola UVigo: XaTcobeo (2012), HumSAT-D (2013) e Serpens (2015); tamén no uso de drons para a inspección de incendios e no uso de técnicas de intelixencia artificial (IA) para resolver problemas reais.

Actualmente, o meu campo de traballo é a intelixencia artificial, que ten como obxectivo crear programas que se comporten de xeito «intelixente»; é dicir, que as súas respostas parezan humanas. En concreto, eu dedícome aos sistemas multiaxente, nos que moitos «axentes» cun pequeno grao de intelixencia colaboran entre eles para lograr que o sistema, no seu conxunto, sexa moito máis capaz.

A miña investigación céntrase en como construír os sistemas multiaxente. Sería algo así como definir o manual de instrucións que guía a quen deseña o sistema, explicándolle os pasos que cómpre seguir para que estes programas funcionen sen erros, se entendan entre eles e cumpran a súa misión con éxito. Así, podemos resolver problemas complexos do mundo real, desde axudar a extinguir incendios ata mellorar a atención nos hospitais. Ser investigadora en IA é como ser unha exploradora do futuro: inventas ferramentas parecidas ás que viamos nas películas de ciencia ficción para axudar a que o mundo sexa un lugar mellor e máis seguro. E ademais, nunca estás soa, senón colaborando cun equipo para propor a solución ideal.

A investigación ten algo realmente especial! É como resolver un misterio que ninguén antes conseguira descifrar. Cando atopas unha solución nova, unha idea que non existía ata ese momento, sentes unha mestura de emoción, orgullo e alegría difícil de explicar. É esa sensación de pensar: «Vaia! Isto pode mellorar a vida das persoas!». Imaxina, por exemplo, unha casa intelixente chea de pequenos sensores capaces de coidar dunha persoa maior: que detecten pola mañá se se levantou e todo vai ben, que avisen se sofre unha caída ou que pidan axuda automaticamente no caso de emerxencia. Saber que o teu traballo coa tecnoloxía pode ofrecerlles tranquilidade ás familias, máis independencia ás persoas maiores ou novas oportunidades á sociedade é profundamente gratificante. Porque investigar non é só descubrir cousas novas, é poñer o coñecemento ao servizo das outras persoas. Por isto, é fundamental que poñamos os nosos esforzos nela, xa que é o fundamento do avance da sociedade no seu conxunto, da mellora da nosa vida diaria, da nosa saúde.

Outro aspecto apaixonante do meu traballo é a divulgación; é dicir, explicar o noso labor de xeito que calquera persoa poida entendelo. Entre as iniciativas do campus de Ourense nas que participo, a miña favorita é a feira STEM *eXXperimenta en Feminino*, que organizamos cada febreiro arredor do 11F (Día da Muller e a Nena na Ciencia). Nesta feira as mulleres do campus impartimos talleres científicos e tecnolóxicos para o estudantado non universitario. Con ela buscamos que a sociedade coñeza a investigación que se fai en Ourense e que se vexa que as mulleres tamén somos científicas, tecnólogas ou enxeñeiras. Hai uns anos levamos unha alegría enorme cando algunhas alumnas da universidade nos contaron que escolleran carreiras científicas grazas a coñecernos nesa feira.

No plano persoal, apaixóname a lectura e a música. A familia é o meu alicerce: sempre me sentín apoiada e arroupada por ela, e a miña nai é o meu gran referente na vida. Na súa xuventude as mulleres precisaban permiso ata para abrir unha conta bancaria, pero ela traballou fóra da casa, coidou de nós e sempre fixo o que consideraba de xustiza. Da súa man aprendín que a fortaleza non sempre fai ruído, e que a liberdade se constrúe día a día, con paciencia e teimosía. Ela ensinoume que o esforzo, mesmo cando pesa, acaba florecendo. Porque os seus sacrificios foron sementes, e eu son parte da súa colleita.



Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Lucía

Díaz Vilariño





Lucía

Díaz Vilariño

Gustaríame un mundo sen desigualdade social.

Área
Modelado automático do ambiente construído a partir de información xeoespacial tridimensional

Departamento
Deseño da Enxeñaría

Grupo de investigación
Xeotecnoloxías Aplicadas

Centro
CINTECX

////////////////////////////enxeñeira
//////////// información tridimensional
//////////////////////modelado



Na aldea onde nacín, en Vilalba, as cousas tiñan unha maneira discreta de estar no mundo, coma se aparecesen só cando se lles prestaba atención. Eu aínda non sabía chamarlles polo seu nome ás cousas importantes, pero xa aprendera a miralas e así fun descubrindo que os lugares pequenos tamén contan historias.

Na casa líase moito. A lectura era un acto compartido, case un ritual doméstico. Os libros cambiaban de cuarto cada noite, e as palabras quedaban suspendidas no aire despois de apagar a luz. Aquelas lecturas foron deixando unha estrutura interna, unha maneira de ordenar a realidade, de relacionar pezas soltas. Sen sabelo, estaba aprendendo a construír modelos mentais do mundo.

Nunca tiven unha vocación clara nin unha idea fixa do que quería ser. As decisións importantes foron chegando máis por continuidade ca por planificación. A vida foi movéndome coma quen despraza unha peza nun xogo longo: Lugo, Santiago, Vigo, e logo outros países –Holanda, Portugal, Reino Unido, Alemaña, Italia– ata



chegar a Australia, tan lonxe que obriga a recolocar o mapa interior. Cada cambio trouxo unha nova forma de mirar o mesmo: os edificios, as cidades, as persoas.

Viaxar ensinoume que non existe unha única maneira de entender o espazo construído. O contexto modifícao todo. Lembrei entón aquelas series divulgativas da infancia, onde a ciencia se explicaba sen solemnidade, como se comprender fose un xesto cotián. Quizais aí naceu a idea de que o complexo non ten por que ser inaccesible, só precisa unha linguaxe acaída.

E así foi como cheguei á enxeñaría, á información tridimensional e á modelaxe. Termos técnicos que, na práctica, significan transformar datos dispersos en representacións comprensibles. Porque o meu traballo consiste en coller nubes que non botan choiva, senón datos. Nubes feitas de puntos, capturados por un láser que son rexistros precisos da realidade, sen interpretación nin xuízo. O traballo comeza despois, cando hai que darlle sentido a esa información.


Os datos, por si sós, son mudos. Pero analizados con criterio, permiten construír modelos que anticipan problemas, explican comportamentos, axudan a manter e a coidar infraestruturas. Tamén permiten entender mellor como habitamos os espazos e como estes condicionan a nosa vida diaria. A técnica convértese entón nunha ferramenta de interpretación.

E chegou o día no que acadei un contrato de investigación Ramón y Cajal. Unha porta entreaberta cara á estabilidade. Porque na investigación hai sempre un reloxo facendo tictac ao fondo, lembrándoche que cando un contrato remata hai que volver demostrar, competir, saltar outra vez. Iso cansa, pero tamén ensina a ser resiliente, palabra que soa a goma elástica: estíraste, pero non chegas a romper.

Cada mañá sento diante do ordenador e penso como podemos analizar as nosas nubes de puntos. Durante moito tempo pensei que abondaba con chegar aos resultados, con atopar padróns, respostas, cifras exactas. Co tempo decateime de algo esencial: un resultado que non se explica non existe. As ideas que non se comparten quedan pechadas, coma casas sen portas, intactas pero baleiras.

Para min, investigar é unha maneira de mirar o mundo. Mirar con curiosidade, con rigor e con compromiso. Dá igual o ámbito: datos, persoas, ideas ou preguntas sen resposta. O importante é entender que non existe unha única oportunidade nin un único camiño posible.

A vida, mesmo cando parece perfectamente trazada, adoita gardar unha última volta inesperada. E nesa curva, ás veces, é onde todo cobra sentido.



Universidade Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Belén

Martín Lucas



Belén

Martín Lucas

Temos a responsabilidade de exercer os dereitos que outras mulleres conseguiron para nós e de abrir novas oportunidades para as que veñan detrás.

Área
Filoloxía inglesa: Literaturas poscoloniais en inglés

Departamento
Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá

Grupo de investigación
Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias, dentro do grupo BIFEGA: Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación.

Centro
CISPAC


//////////////////////////literatura
//////////////////////////feminismos
//////////////////////////etnicidades



Crecín nunha familia numerosa e pasamos a infancia mudándonos dun lugar a outro. Isto fixo que, dende ben noviña, aprendese a ser independente e a facer novas amizades. Son a terceira de cinco fillas e fillos e a primeira nena. Na casa sempre había ruído, movemento e moita vida. Cando a miña nai nos levaba á biblioteca municipal de Xixón, eu devoraba historias, unha tras outra. Nos libros atopaba silencio. Escapaba do balbordo da familia numerosa naquelas historias!

Os libros seguen a ser a base fundamental do meu lecer, pero agora tamén fan parte indispensable do meu traballo. Imposible reducir a uns poucos títulos todos os que me teñen emocionado, dos que aprendín, os que me asombran!

Na adolescencia tomei consciencia das diferencias de trato e responsabilidades na casa entre os irmáns e as irmás. Aquilo



parecíame inxusto, e eu protestaba. Se hoxe puidese mandarlle unha mensaxe á rapaza que fun, diríalle que continúe así, que non vai por mal camiño. Diríalle: «pelexa pola xustiza».

Anos máis tarde, na universidade, tiven a sorte de atopar profesoras que me deron as palabras que precisaba para poñerlle nome a esas inxustizas que eu xa intuía. A investigación converteuse entón na miña maneira de entender o mundo. O meu traballo consiste en ler textos e ver películas e series para analizar o que contan sobre a sociedade: os conflitos, o poder, a historia, as emocións e a vida cotiá. A través da ficción reflexiono sobre os problemas reais das persoas e sobre como nos relacionamos entre nós.

Un dos avances máis importantes da miña investigación é a visibilización das achegas á cultura contemporánea das autoras negras, indíxenas ou migrantes, desde perspectivas que teñen en conta como se cruzan as distintas desigualdades. Hai quen pensa que falar de novelas ou de películas non é facer ciencia, pero estudar como pensamos e imaxinamos o mundo axúdanos a entender mellor as forzas sociais que nos moldean e tamén a imaxinar alternativas. A ciencia non só se fai en laboratorios: as humanistas tamén investigamos (aínda que sen bata).

Un estereotipo habitual sobre as científicas é que temos unha vida de renuncias. Non é así, pódese vivir plena e moi feliz sendo investigadora. De feito, investigar é parte desa ledicia! Ademais, xa que imos pasar tantas horas traballando ao longo da vida, mellor que sexa nalgo que nos esperte curiosidade e paixón, non si?

Se vos preguntades como conseguín conciliar a miña vida profesional coa persoal, direivos que grazas a que comparto a vida cun home que asume a súa parte dos coidados e, se é preciso, máis. É unha cuestión de apoio mutuo: hoxe por ti, mañá por min.



Facer investigación feminista colocoume fronte a numerosos prexuízos, porque o sistema patriarcal sostense precisamente sobre eles. Cando comecei este camiño, non imaxinaba que chegaría a vivir un auxe tan forte das ideas retrógradas. Por iso, hoxe sinto que a miña investigación é máis necesaria e urxente ca nunca. Gústame lembrar unha idea que me acompaña sempre: temos a responsabilidade de exercer os dereitos que outras mulleres conquistaron antes ca nós e de abrir novas oportunidades para as que veñan detrás. O acompañamento, o mentorado e os coidados son fundamentais. Non estamos soas.

Universidade de Vigo
Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i)
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais